

# RESACA

IL MAQUINARIO QUEM

AIRO



DOSSIER GALEGO

il  
MAQUI  
NARIO  
\*\*\*\*  
TEATRO

Dirección: Tito Asorey

Dramaturxia: Tito Asorey \_ Ana Carreira

Melania Cruz \_ Fernando González

Fran Lareu \_ Laura Míguez

Vadim Yukhnevich

## RESACA . SINOPSE

No verán de 2016, os membros de **ilMaquinario Teatro** deciden xuntarse co ánimo de reconstruír a súa propia memoria xeracional e familiar a través da historia dunha persoa común que desapareceu e marcou as súas vidas: **Álex**.

Os restos que esta persoa deixa en forma de cadernos, diarios, investigacións sobre a súa familia, lembranzas e fotografías, son os materiais empregados como punto de partida para unha investigación que tamén se converte en descuberta persoal por parte de cada un deles.

- De que maneira nos pode salvar a memoria da vertixe dun mundo de ritmos cambiantes e imparables?
- Somos quen de atopar respostas á preguiza do mundo contemporáneo botando a vista atrás e tratando de saber de onde procede este sentimento?
- Somos realmente tan diferentes dos nosos antepasados?

Reflexionando sobre esas preguntas, os actores tratan de revivir certos momentos do pasado transitando entre os límites da realidade e a ficción para poder comprender algo do presente e o futuro, para procurar espazos de pausa e rebeldía nos que poder investigar sobre as súas orixes.

**RESACA** é o resultado da investigación documental dos vestixios deixados por Álex, unha tentativa por recompoñer a historia de alguén a quen non acabaron de coñecer de todo. Un xeito de falar dunha xeración a través dunha persoa común.

***“Un espectáculo sobre a resaca da existencia.  
Unha celebración da vida e da amizade.”***



# RESACA . O ESPECTÁCULO

**RESACA** é a terceira montaxe de ilMaquinario Teatro, despois do éxito de *O Home Almofada* (2012) e *Perplexo* (2014). Tras estes dous espectáculos creados a partir de obras de autores estranxeiros, a compañía quere apostar por unha dramaturxia de creación colectiva achegada ás premisas do teatro documental.

**RESACA** é un espectáculo multidisciplinar no que o teatro conversa coa poesía, a narración oral e a música en directo para tratar de recompoñer a historia da vida de Álex, unha persoa común que dalgunha maneira resume e simboliza o sentir dunha xeración que continúa buscando o seu lugar nun mundo que se atopa en proceso constante de transformación e crise.

**RESACA** é o resultado dun traballo documental sobre a memoria familiar e afectiva de todos os membros de ilMaquinario Teatro, a través da súa relación cunha persoa recentemente desaparecida. A reflexión sobre a súa perda activa a necesidade de salvagardar a memoria común fronte a vertixe cotiá que nos empurra cara adiante sen ter en conta a importancia do pasado. Quizais non exista mellor momento que o de agora para falar de alguén a través de quen recoñecemos con todos os nosos medos, desexos, dúbidas, ledicias e miserias.

**RESACA** xoga cos mecanismos do teatro documental ofrecendo un espectáculo vital no que os intérpretes intentan comprenderse lendo, cantando, rindo, escoitando, bailando e respirando a vida das persoas que nos habitan e que xa non están entre nós. Unha viaxe na que o espectador transitará polos territorios da tenrura, a comicidade, a reflexión e a emoción da man de cinco intérpretes que fan das súas propias vidas materia escénica.



# RESACA . A DRAMATURXIA

A dramaturxia de **RESACA** é unha composición que nace desde a memoria e desde o amor para rescatar da fugacidade e do esquecemento a nosa propia identidade.

A partir da necesidade afectiva de recompoñer a vida dunha persoa que morre inesperadamente, iníciase un proceso documental co que cubrir os baleiros do descoñecemento. Será a través dos residuos materiais desa persoa, da ficcionalización dos ocos da desmemoria e da xenerosa achega de vivencias persoais, que dúas actrices, dous actores e un músico poñan en escena o relato dunha xeración intoxicada polo exceso de información e a acumulación de obxectos de consumo. Conscientes de que os restos das vidas pequenas debeñen en lixo, fan un percorrido emocional a través das lembranzas e dos vínculos para transformar o irrelevante en poesía.

**RESACA** é un tecido de creación colectiva estruturado a partir dos referentes xeracionais, a intertextualidade e a experiencia persoal dos integrantes do grupo, cuxa visión e posición política aporta o material para a reconstrución da historia da vida dunha persoa común. A través do teatro documental; da poesía; da música; da narración; do movemento e do xogo cos obxectos, os intérpretes reconstrúen e liberan a memoria de Álex, unha amiga que acaba de desaparecer para sempre.



**ilMaquinario Teatro** é unha compañía creada no ano 2012 por **Tito Asorey, Melanía Cruz, Fran Lareu, Fernando González e Laura Míguez**. Tras coñecerse na ESAD de Galicia deciden crear un espazo propio dende o que experimentar con total liberdade cos mecanismos do teatro contemporáneo baseado ante todo no traballado actor e centrado en propostas que susciten debate e controversia.

En 2012 estrean o seu primeiro espectáculo, ***O Home Almofada***, co que acadan unha posición de visibilidade no panorama teatral, facendo tempada en Madrid e sendo recomendado na Rede Sarea de Euskadi. Esta primeira proposta foi nomeada a seis premios María Casares.

Este éxito da primeira montaxe repítese, multiplicado, coa súa segunda proposta escénica: ***Perplexo***, de Marius Von Mayenburg. Con esta peza a compañía acada cinco premios María Casares: Mellor Espectáculo, Mellor Dirección, Mellor Iluminación, Mellor Adaptación/Tradución e Mellor Vestiario.

É recomendado na Rede Sarea de Euskadi e consegue a catalogación de Recomendado pola Rede Nacional de Teatros, facendo tempada en Madrid no Teatro Galileo.

Tras estes dous primeiros espectáculos baseados en obras de autores estranxeiros, **ilMaquinario Teatro** leva interesándose dende o ano 2015 por un teatro baseado na propia biografía das persoas que conforman a compañía. Este proceso de documentación sobre novas formas de enfrontarse co feito escénico condúceos a compartir experiencias teatrais con creadores como Marco Canale, Marco Layera, o colectivo Lagartijas tiradas al Sol ou o director alemán Falk Richter. Con todos eles vaise conformando o desexo de construír un teatro que, lonxe de idear ficcións, se dirixa ao espectador utilizando outras canles máis achegadas ao feito documental e moi apegado á realidade na que vivimos. **RESACA** é o resultado desta procura.

## A COMPAÑÍA





## MELANIA CRUZ. ACTRIZ

Titulada Superior en Arte Dramática (Interpretación Textual) pola ESAD de Galicia. Máster en Artes Escénicas (Pedagogía Teatral). Diplomada en Maxisterio pola USC.

Fórmase en diversas disciplinas escénicas da man de profesionais como Vicente Fuentes, Jeremy James, Cristina Domínguez, Ermel Morales, Agustí Vila, Marco Canale, Falk Richter ou Nir de Volff.

Como actriz profesional protagoniza con Josito Porto *Ai Carmela!* de Teatro de Adro e traballa en diversos espectáculos con Escénate e 611 Teatro. No ano 2012 cofunda a compañía ilMaquinario Teatro, coa que estrea *O Home Almofoada* (2012) e *Perplexo* (2014).

Por esta última é nomeada como Mellor Actriz Protagonista aos Premios María Casares na edición de 2015. No ano 2016 obtén o premio María Casares a Mellor Actriz Protagonista pola súa interpretación en *Xardín Suspenso*, do CDG, dirixida por Cándido Pazó.

No cinema interpreta o personaxe da Raxada en *A Esmorga*, dirixida por Ignacio Vilar, co que tamén traballa en *Sicixia*. Protagoniza o film *DHOGS*, dirixido por Andrés Goteira. Na televisión participa en varias das series emitidas pola TVG nestes últimos anos, como *Urxencia Cero*, *Serramoura* e *Fontealba*. Traballa como presentadora-redactora no programa *Álbum de VíaXe*, emitido tamén pola TVG.



## FERNANDO GONZÁLEZ. ACTOR

Titulado superior en Arte Dramática (Interpretación Textual) pola ESAD de Galicia. Máster en Artes Escénicas (Pedagogía Teatral).

Comeza a súa carreira en teatro profesional no ano 2007 traballando no *Romeo e Xulieta* de Teatro do Noroeste, dirixido por Eduardo Alonso, compañía na que continúa traballando nas montaxes *Glass City*, *Historias Peregrinas* e *Touporroutou da lúa e do sol*, esta última en coprodución co CDG. Forma parte do elenco do musical *Galicia Caníbal*, dirixido por Quico Cadaval e do espectáculo *A nena e o grilo*, de Urdime Producións. No 2012 cofunda ilMaquinario Teatro, compañía coa que estrea *O Home Almofoada* (2012) e *Perplexo* (2014). Pola súa interpretación nesta última é nomeado ao premio María Casares como mellor actor protagonista. En audiovisual traballa como actor na series da TVG *Dalia a modista* (CTV), *Fontealba* (Atlántida Media), *Chapa e pintura* (Voz Audiovisual), e *Escoba* (Ficción Prod.), así como nas longametraxes *Los girasoles ciegos* de Jose Luis Cuerda e *Las Brujas d'Elente* de Simón Vázquez. Participa tamén en numerosas curtametraxes entre as que destaca *Disney* de Jorge Saavedra, pola que consegue dous premios a mellor actor (Festival de Cans e Festival de Medina del Campo).



## FRAN LAREU. ACTOR

Titulado Superior en Arte Dramática (Interpretación Textual) pola ESAD de Galicia. Trompetista formado no conservatorio profesional de Lalín.

Cursa estudos na escola Espazo Aberto de Santiago de Compostela, e realiza cursos de clown con mestres como Joseph Collard, e de voz con Nuria Montero e Ángel Almazán. No 2005 obtén unha bolsa da Unión Europea para a realización dun curso de teatro e circo na República Checa. No 2006 comeza a súa relación coas compañías Viravolta e Seisdedos, coas que traballa e aprende o oficio de titiriteiro. Continúa a súa carreira teatral coas compañías Teatro da Gavela, Fantoques Baj, Zancalino Produz, Boneca Lareta, Elefante Elegante e co Centro Dramático Galego. Entre o 2015 e o 2017 traballa na película *María y los demás* de Nely Reguera e nas series *O Faro* (TVG e TV3) e *Fonatealba* (TVG). É cofundador da compañía ilMaquinario Teatro, coa que realiza as obras *O Home Almofada* e *Perplexo*, polas que é nomeado a Mellor Actor Protagonista nos Premios María Casares 2014 e 2015.



## LAURA MÍGUEZ. ACTRIZ

Titulada Superior en Arte Dramática (Interpretación Textual). Diplomada en Educación Social. Máster en Artes Escénicas (Pedagogía Teatral). Con formación na Escola de Arte Superior de Deseño.

Inicia o seu camiño profesional no ano 2008 protagonizando o musical *Game Over* de Cachuzo Teatro. Traballou con Teatro do Noroeste en diferentes obras como *Piratas* ou *Touporroutou da Lúa e do Sol*, en coprodución co CDG. Está vinculada a outras compañías como Redrum, con *Roedores* e *A nena que quería navegar*, ou Antagonista Teatro con *Coma e Punto*.

Continúa a súa formación da man de mestres como Marco Canale, Marco Layera, Ermel Morales, Núria Inglada, Manuel Vieites, Petra Hoffman e Eduardo Vasco, entre outros.

No ano 2013 comeza a impartir docencia na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia e posteriormente na Escola Municipal de Teatro de O Carballiño.

Combina o seu labor de intérprete e pedagoga coa produción de espectáculos de mediano e pequeno formato.

Participa en varios proxectos audiovisuais como o filme *A Esmorga*, así como en series emitidas pola TVG como *Pazo de Familia* ou *Fonatealba*.



## VADIM YUKHNEVICH. MÚSICO

Comezou os seus estudos musicais no Conservatorio Superior de Música de Minsk (Bielorrusia). Posteriormente trasladouse a Galicia e decidiu completar os seus estudos no Conservatorio Superior de Música de A Coruña, na especialidade de Acordeón. Entre outros instrumentos, Vadim destaca tamén como pianista e guitarrista, ademais de como cantante. Traballou en diversos grupos musicais de moitos estilos, como **Kibitka**, **Banda Crebinsky**, **Volando Libre**, **Yukhnevich** e **Cupeiro**, **Stranniki** ou **Vertixe Sonora Ensemble**. Dende a súa chegada a Galicia estableceu contacto co panorama teatral, incorporándose ao elenco de espectáculos como *A ópera dos tres reis* do CDG, dirixida por Quico Cadaval, *A cabana de Babaïagá*, tamén do CDG, dirixido por Paula Carballeira, e traballando como compositor e creador do espazo sonoro para moitas postas en escena, como *A Esmorga* de Sarabela Teatro, *Lugo Cidade 10* de Escénate ou *Nuncabunga* de Elefante Elegante. No ano 2014 incorpórase ao elenco do espectáculo *Donde hay agravios no hay celos*, da Compañía Nacional de Teatro Clásico, dirixida por Helena Pimenta.



## TITO ASOREY. DRAMATURXIA E DIRECCIÓN

Titulado Superior en Arte Dramática (Dirección de Escena) pola ESAD de Galicia. Licenciado en Historia. Máster en Artes Escénicas.

Tito Asorey comeza a súa carreira profesional como actor no ano 2000, vinculado ás compañías Sarabela e Ur Teatro. No eido audiovisual participa en ficcións como as series de TV *Serramoura* e *El final del camino*. Como actor obtén o Premio María Casares no ano 2009 polo seu papel no espectáculo *A Esmorga*.

Paralelamente á súa carreira como actor, comeza a dirixir os seus propios espectáculos dende o ano 2000. É premiado en tres ocasións co Premio Nacional de Teatro Joven “Buero” polos seus espectáculos *Remanente#1*, *Mort* e *Don Juan*, que foron representados na sede do Centro Dramático Nacional. No ano 2010 dá o paso cara a dirección de compañías profesionais con *Ai Carmela!*, de Teatro de Adro. Tras a súa licenciatura en Arte Dramática cofunda ilMaquinario Teatro, colectivo co que estreou *O Home Almofada* (2012) e *Perplexo* (2014), co que é premiado no ano 2015 cos premios María Casares ao mellor espectáculo, mellor dirección, mellor iluminación e mellor versión.

Na súa traxectoria cómpre destacar o seu labor como axudante de dirección na Compañía Nacional de Teatro Clásico durante os anos 2013-2014, exercendo tamén como coordinador pedagóxico da Joven Compañía de Teatro Clásico. No ano 2016 dirixe o seu primeiro espectáculo nun teatro público, *O Mundo Persistente*, de Fernando Epelde, unha coprodución do Centro Dramático Galego, o Teatro Nacional San Joao de Porto, o Teatro Dona María II de Lisboa, e as escolas de Arte Dramática de Galicia, Porto e Lisboa.

## ANA CARREIRA. DRAMATURXIA

Titulada superior en Arte Dramática (especialidade de Dramaturxia) pola ESAD de Galicia.

Os seus vínculos co teatro comezan como actriz co grupo Achádego e a Aula de Teatro da USC, que dirixe Roberto Salgueiro. Máis adiante funda e traballa en Ubú Teatro e colabora estreitamente con EscénaTe.

Como Narradora Oral traballa en diversas campañas de organismos públicos e oficiais, editoriais, festivais e programas de televisión. É docente e coordinadora da área de Narración Oral do Centro de Interpretación da Oralidade do Concello de Vigo.

Tanto no terreo teatral como no de narración oral amplía o seu oficio cara á docencia non formal. A súa carreira profesional como dramaturga e directora comeza coa peza *Cando dous son multitude* da Compañía VÍA 6. Ten diversas publicacións como o libro infantil *O vixilante dos Soños*, o relato *A inefable desventura dun devorador de libros* dentro de *Dez anos, dez historias*. Na Revista Galega de Teatro ten publicada a micropeza titulada *Resposta a R.C.* e o artigo *Teatro Radiofónico galego, recuncho de emerxencia*.

É gañadora do IV Premio “Varela Buxán” de teatro por *Un intre antes do solpor*.

## MARÍA PEINADO. AXUDANTIA DE DIRECCION

Titulada Superior en Arte Dramática (Interpretación Textual) pola ESAD de Galicia. Formada en Filoloxía Inglesa na UDC e na Universidade de Nottingham Trent no Reino Unido.

Participa como actriz nas montaxes *Lela anda en Bicicleta* do Proxecto Toromelos dirixida por Ricardo Solveira, na obra *Piratiñas* de Viravolta Titeres, na campaña de animación á lectura *O Pazo da Faba* de ilMaquinario Teatro, ou no proxecto *As irmás Palavrákis* baseado en textos de Angélica Liddell, no que ademais de actriz realiza a dramaturxia e codirixe. No seu labor como escritora, a súa obra *Laio* é premiada no 2014 cun accésit na categoría de relato negro, dentro do Certame Nacional Vigo Histórico organizado pola Editorial Elvira. No ano 2015 o seu relato *Pedra e Sal* é publicado pola mesma editorial dentro do libro *Relatos na Rúa II*. Na actualidade compaxina a escrita co traballo no mundo do teatro e a docencia, impartindo clases de teatro en inglés para nenos.

# RESACA



## MONTSE PIÑEIRO E LAURA ITURRALDE. DESEÑADORAS DE ESCENOGRAFÍA

Ambas as dúas son tituladas en Arte Dramática pola especialidade de Escenografía e desenvolven maioritariamente a súa actividade no ámbito teatral. O seu primeiro traballo en conxunto, o proxecto de escenografía para grupos musicais *Crosmolatre* (2014), foi a primeira de numerosas creacións escénicas, entre as que destacan *Ganas de Ouvear* (2015), coprodución do Centro Dramático Galego, o Teatre Nacional de Catalunya e a Cía Catrocadeiras; as visuais a tempo real para o concerto de *Cró!* no festival WOS 2015, o proxecto escenográfico *Fausto en Castrelos* (2015) o deseño de escenografía da produción *Arsénico por compaixón* de Teatro Muxicas (2016), ou a dirección de arte do videoclip *Drop* en colaboración co estudo Síntesis Creative. Fóra do ámbito profesional colaboraron tamén en numerosos proxectos, como a escenografía e iluminación para *Cinzas ás cinzas* (a partir do texto *Ashes to ashes*, de Harold Pinter), o espazo escénico e visual para a peza *Ooops I did it again*, da compañía Bernardas, as visuais do Festival Onda Vital e do Festival Festipousa.

## JOSE ANTONIO FARO “COTI”. ILUMINACIÓN

En Vigo, onde mora, atopa aos 24 anos un punto de conexión entre a súa traxectoria anterior e o terreo teatral. Unha formación moi variada nutre a este titulado superior en Arte Dramática, na especialidade de Escenografía pola Esad de Galicia. Formouse no campo dos autómatas: Sistemas de Regulación e Control de Automatismos; e no do deseño de mobiliario: Desenvolvemento de Produto de Carpintería e Moble. Desta formación xorde a súa destreza á hora de situarse nun punto de vista global que abrangue dende o deseño ata a realización e construción. Traballa como deseñador de escenografía e iluminación para diversas compañías do circuío teatral galego encargándose da realización dos seus proxectos e ofrecendo soporte técnico a outros deseñadores do país.



**ELENCO:**

MELANIA CRUZ / FERNANDO GONZÁLEZ  
FRAN LAREU / LAURA MÍGUEZ / VADIM YUKHNEVICH

**DIRECCIÓN:** TITO ASOREY

**DRAMATURXIA:** TITO ASOREY / ANA CARREIRA

**DESEÑO DE ESCENOGRAFÍA:**

LAURA ITURRALDE  
MONTSE PIÑEIRO

**CONSTRUCCIÓN DA MAQUETA:**

FRAN LAREU

**AUDIOVISUAIS:**

DIEGO BLANCO / LAURA ITURRALDE

**FOTOGRAFIA E VIDEO:**

AITOR UVE

**DIRECTOR MUSICAL**

VADIM YUKHNEVICH

**PRODUCCIÓN:**

FRAN LAREU

**CONSTRUCCIÓN DE ESCENOGRAFÍA E ATREZZO:**

JOSÉ MANUEL FARO "COTT"  
LAURA ITURRALDE / MONTSE PIÑEIRO

**ILUMINACIÓN:**

JOSÉ MANUEL FARO "COTT"

**VESTIARIO:**

ILMAQUINARIO TEATRO

**DESEÑO GRÁFICO:**

JOSÉ LAMEIRAS

**UNIDADE DIDÁCTICA:**

MELANIA CRUZ

**AXUDANTÍA DE DIRECCIÓN:**

MARÍA PEINADO CASAL



**TEXTOS:**

TITO ASOREY, ANA CARREIRA, MELANIA CRUZ, FERNANDO GONZÁLEZ,  
FRAN LAREU, ÁLEX LÓPEZ, LAURA MÍGUEZ, MARÍA PEINADO, VADIM YUKHNEVICH.

[www.ilmquinarioteatro.com](http://www.ilmquinarioteatro.com)



**“Ningún é unha illa, completo en si mesmo;  
cada home é un pedazo de continente.**

**Por iso, a morte de calquera home me disminúe,  
porque estou ligado á humanidade; polo tanto,  
nunca preguntes por quen dobran as campás,  
dobran por ti”**

**ERNEST HEMINGWAY**



**Distribución: CRÉMILLO  
CARLOS MARTÍNEZ CARBONELL  
T. 678 460 559**

**cmcarbonell@cremilo.es www.cremilo.es**

**PÚBLICO:** Maiores de 14 anos. Temos dispoñible unha Unidade Didáctica  
que ofrecemos aos centros que soliciten funcións para público escolar

**DURACIÓN:** 70 min